

Ignasi Riera

Disidencia de baixa intensidade

Esta é unha simple hipótese de traballo: teño para min que, na literatura catalá do século XX e na dos primeiros anos do século XXI, e malia as turbulencias sociais, culturais, políticas e nacionais que nos marcaron, a disidencia literaria foi de baixa intensidade. Vou tentar explicar por que.

0. Teríamos que lembrar a complexidade do tempo escollido para o comentario. O século XX comezaba, para a literatura catalá, nun novo Paleolítico, sen unha ferramenta (=lingua) fixada Normativamente, con conexións insuficientes entre os países de fala catalá, despois duna decadencia complexa, cunhas coordenadas políticas claramente desfavorables, sempre coma un engadido de Estados poderosos, con pretensións unitarias en nome da modernidade, e un tecido social dominado por novos ricos, máis sólidos na súa conta corrente que non na súa paixón cultural. En cada un dos nosos países, ademais, un dos poderes en exercicio era a Igrexa Católica, un dos poucos colectivos con capilaridade até os recunchos máis ignotos da nosa xeografía e cunha organización efectiva, con poucas marxes de discusión ideolóxica: é dicir, dogmáticamente estruturada.

Na derradeira parte deste período, nun marco de liberdades (como mínimo incipientes e sen censuras políticas de máis), despois da morte do Xeneral, tamén nun novembro de hai 29 anos, atopámonos con novos paradoxos: a división política e administrativa dos *fusteriáns* (de Joan Fuster) (e ouso dicir que utópicos) Países Catalans, en tres (ou catro) realidades estatais –Andorra, Francia, Italia e España—e en tres (ou catro) comunidades autónomas: Illes Balears (denominación moderna que comprende tamén as illas menores chamadas Pitiusas), País Valencià, Aragón e Catalunya, mal conectadas no relativo ás políticas lingüísticas e de industrias culturais. Se asociacións profesionais de escritores e de editores (e un par de fundacións altamente benéficas), máis o Institut d’Estudis Catalans, que debería de exercer como a Academia e como vencello científico, e mesmo «sentimental», racharon, en teoría, con esta diversidade administrativa, o día a día (como as relacións entre literatura e circuítos académicos de todos os niveis) non resulta nada doado. Nin a presenza dos medios de comunicación, que lembran, de cando en vez, que esta produción literaria en lingua catalá existe, conecta efectivamente esta área «nacionalitaria» (á existencia da cal, por certo, opóñense os proxectos legais de novos estatutos de autonomía). E así, formuladas, estas aclaracións obvias, entro en materia.

1. Inicialmente, a invitación para falar da disidencia interpreteina desde un ángulo político. Eu traballara nunha editorial e cun director literario (Alfons Comín, morto agora hai 25 anos) co cal compartíamos a teima pola disidencia nos países do Este, e polos movementos de loita contra o monolitismo, tamén cultural, do cualificado coma «socialismo real», expresión para obviar a palabra «comunista». A posibilidade de seguir a pouca distancia encontros internacionais sobre «Poder e oposición nas sociedades posrevolucionarias» afiárame a sensibilidade á procura de entender o fenómeno, tan presente hoxe e arestora en tantas realidades que ninguén bautizaría coma «posrevolucionarias». Agora sei que a reflexión arredor da resistencia política contra poderes omnímodos, hoxe non é axeitado. Como tampouco non ten nin o máis mínimo interese divagar arredor do canon, paixón bizantina de críticos máis ou menos frustrados e un dos xeitos menos envelenados de perder o tempo, cando temos medo da análise de libros concretos. Se temos que falar de disidencia, na literatura en lingua catalá, quere dicir que temos que avaliar se houbo procesos de separación ou de

heterodoxia, de inconformismo, de rebelión ou de discrepancia, de insubmisión e de cisma, ao fin e ao cabo, contra unha «orde» establecida. E esta é a primeira trampa. De que orde estamos a falar? Quen codifica esta orde? Quen ostenta o poder executivo e xudicial para garantir o seu cumprimento? É curioso: o proceso da disidencia, no eido da lingua catalá, fica máis claro no relativo ás cuestións ortográficas e mesmo no relativo á determinación da lingua estándar, aplicábel, por exemplo, aos programas de radio ou aos culebróns televisivos, que non aos modelos estritamente «literarios». Antes de chegar ás *Normes ortogràfiques* do IEC (Normas Ortográficas do Instituto de Estudos Cataláns), do ano 1913, grazas á sabedoría e ao traballo ben feito de Pompeu Fabra, houbo movementos serios de disidencia, encabezados por personalidades coma o crego mallorquino, *mossèn* Alcover. A revisión daqueles debates ilumina cuestións aínda pendentes: a de se as *Normes* asumían a totalidade de rexistros da lingua catalá, con todas as sólidas variedades dialectais.

Sen unha infraestrutura editorial dabondo, sen un pulo institucional claro –que se cadra só funcionou nalgúns momentos da *Generalitat* republicana no Principado– a orde, a pauta, os modelos, quen os estableceu? A autoridade moral ou literaria de personaxes recoñecidos, dunha das etapas máis fecundas da literatura catalá como foron Carles Riba, Joan Fuster ou Josep Ma Llompart, axudounos a medrar, ou non? Cando, no ano 1959, morreu Carles Riba, Pere Quart dedicoulle un poema que comezaba así: «Se ti non estás aquí, ¿a quen nos imos dirixir? Se ti non estás aquí, ¿quen nos vai xulgar?», («*Si tu no hi ets, ¿a qui ens adreçarem? Si tu no hi ets, ¿qui ens jutjarà?*») e o poema fíxome pensar. Porque son as preguntas que quereríamos dirixir a un Sanchís Guarner ou a un Marià Villangómez. ¿No entanto, é o prestixio persoal dalgúns escritores aquilo que determina cal é a liña a seguir?

2. O outro ángulo desde onde vou examinar os itinerarios da disidencia veñen dunha consideración arredor daquilo que acabamos considerando ortodoxia ou norma que os disidentes pretenden superar ou, sinxelamente, eliminar, substituír, xubilar. Todo disidente como Deus manda, e apelo á sabedoría dos anxos rebeldes que dixeron non ao *Diktat* da aburrida ortodoxia divina, comeza por escribir o epitafio sobre aquilo que cre ter superado. Italo Calvino, nas Cidades Invisíbeis, di que «as cidades defínense polo deserto contra o cal loitan». Ouso dicir que unha ou un disidente, individual ou colectivo, sempre ten que comezar sabendo contra que deserto loita. E por iso é que comezo a lista de posíbeis muros contra os que loitou a nosa demasiado asisada disidencia:

2.1. Contra a voracidade da lingua veciña maioritaria. Coido que todas as persoas representadas polos Galeusca temos estado e somos por definición, «disidentes». No primeiro dos nosos encontros, e no manifesto final lido en Poblet, suxerímolos: éramos e somos uns utópicos polo só feito de poñermos a escribir en catalán, ou en galego ou en éuscaro, sen deixarmos engulir polo francés ou polo inglés. Non é preciso que repita os argumentos dos que nos reprenden, pola nosa ineficacia de minoritarios. Resúltame satisfactorio que sexa un inglés, o amigo Mathew Tree quen ho teña explicado con tanta solvencia no seu libro *Aniversari*.

2.2. Contra a educación recibida. Castelanfalantes ou francofalantes por imposición escolar, tivemos que loitar contra a lingua academicamente aprendida e maioritaria nos medios de comunicación. Isto debería termos permitido unha certa carga de antiautoritarismo contra catecismos e imposicións maxistras. No entanto, o modelo –no meu caso– de estragada literatura castelá de posguerra, con Pemán e Marquina incluídos, debería dar paso a unha reparación pública por parte das autoridades políticas. O traballo (aínda inédito) sobre as bibliotecas populares de Catalunya entre os anos

1949 e 1951 confirmoume a presión á que estivemos sometidos.

2.3. Contra o xogofloralismo e outras herdanzas enferruxadas. Daquela que o Grupo de Sabadell –Francesc Trabal, Armand Obiols, Joan Oliver entre outros– ousa facer escarnio contra o certame literario dos Xogos florais –que tiñamos desde o ano 1324 e procedía de Tolosa de Llenguadoc, e foi recuperado o ano 1859 na cidade de Barcelona–, todos os diluvios universais foron decretados contra eles. O orgullo con tantas sementes clericais, de una produción literaria, baseada na exaltación do Amor (iso si, casto!), da Patria e dos bos costumes foi e aínda é o virus informático que estraga todo intento para dar vida autónoma á nosa produción literaria.

2.4. Contra o puritanismo de idearios asexuados. Hai tanta decencia na literatura catalá! O amor é tan sen pel que un Vicent Andrés Estellés pode ser considerado coma un verdadeiro disidente. O amor cortés, da literatura provenzal, loitou contra o xogo de peles e os bicos ben pouco castos nunha literatura onde só é platónica a práctica do amor: Ai, todo iso que perdemos!

2.5. Contra os tradicionalismos. O bispo de Vic, Torras i Bages, excelente prosista de ideas, por certo, foi autor de *La tradició catalana*, lectura que recomendo porque é unha síntese entre a orde imposta polo catolicismo e polo catalanismo, inspirada na visión cristián (e «*ad usum nostrorum tantum*»), máis canónico, revisión sistemática das raíces e das conquistas do tradicionalismo.... que mesmo remataba convertendo un Joan Maragall, tan pouco sospeitoso de heterodoxia, en sospeitoso polos comentarios que fixo este poeta sobre a Semana Tráxica. Eugeni D'Ors representou, seguramente, a versión máis laica do conservadorismo ideolóxico dun Jaime Balmes ou dun Sardá i Salvany. E aínda que coñezo menos os debates entre tradición e innovación na cidade de Mallorca, a lectura dun Llorenç de Villalonga, dunha Maria-Antònia Oliver, dun Guillem Frontera, dunha Antònia Vicens ou dun Llorenç Capella danos pistas para saber que quería dicir poñer obxeccións á ortodoxia defendida a chave e tranca polos «poderes sociais».

2.6. Contra a preguiza. Pode semellar unha «*boutade*» dicir que a disidencia catalá distínguese porque quere ser unha loita contra a preguiza. Ando á procura de desbaratar o mito da laboriosidade catalá:c onsidérome concidadán dun colectivo basicamente lacazán e aínda máis en materia literaria. Cando Sebastià Alzamora tivo a ousadía de poñer en dúbida a Josep Carner, as reaccións contra el (entre outras, as miñas) foron espectaculares. Coincido con el, no entanto, cando afirma que a nosa é unha literatura con moitos complexos e sobre todo cando di: «na nosa literatura hai moita envexa e pouco sentido do humor.(...) Un mal que afecta ao mundo literario catalá: a preguiza». Neste sentido, a achega máis sólida a favor da disidencia en Catalunya foi a loita contra os escritores de domingo pola tarde. Nunca como agora deberíamos agradecer a obra sólida e continuada dun Josep Pla ou dun Baltasar Porcel, dunha Mercè Rodoreda ou dunha Carme Riera, dun Josep Piera ou dun Manuel de Pedrolo, dun, lembrado e querido, Jaume Fuster, ou dun Josep M. Benet i Jornet, coma anteriormente dun Puig i Ferrater. Tamén, neste caso, a miña lista pode parecer provocadora. Se a formulo é porque o que temos que saber salvar da nosa produción literaria é, precisamente, iso: a produción literaria estábel.

«*Pictoribus atque poetis*»

O verso de Horacio permíteme comezar unha consideración final: coido que hai un abismo e unha verdadeira fondura entre a disidencia literaria catalá e a disidencia dos seus artistas plásticos. O país de Joan Miró, de Dalí, de Maria Girona, de Tàpies, de Guinovart, de Barceló, de Renau, do Equipo Crónica ou de Antoni Clavé..., o país do

«*Manifest Groc*» (Manifesto Amarelo) ou de «*Dau al Set*», o país do Informalismo, ten un paralelo literario? Teno, se cadra, e precisamente, con escritores que viven en contacto permanente con artistas plásticos como J.V. Foix, Palau i Fabre, Joan Brossa e, nun sentido bastante máis moderado (respecto da súa produción literaria, moderación que contrasta coa súa forza en tanto que creadores plásticos), Tàpies e Ráfols Casamada. A obra literaria de Dalí non é, nin de lonxe, nenos disidente cá do Dalí case surrealista.

De feito, o acontecemento, para min equívoco –e non sei se precursor doutros movementos coetáneos– con vontade transgresora, disidente, é o *Manifest Groc*, (Manifesto Amarelo), (de feito: «Manifesto antiartístico catalá»), de marzo do ano 1928, asinado por Salvador Dalí, Lluís Montanyà e Sebastià Gasch. Lembro que no *Manifest* podemos ler cousas coma estas «**Preguntamos aos intelectuais catalás** de que nos serviu a Fundación Bernat Metgese despois tedes que confundir a Grecia antiga coas bailarinas pseudoclásicas.// **Engadimos** que os *sportmen* están máis achegados ao espírito de Grecia cós nosos intelectuais.» E despois da divinización do maquinismo, o *Manifest Groc* (Manifesto Amarelo) remata con estas palabras: «**Finalmente, reclamámonos dos grandes artistas de hoxe**». Entre os cales, os redactores do manifesto propoñen, ademais de artistas plásticos coma Picasso, Gris, Chirico, Éluard, Tristan Tzara, escritores coma Louis Aragón, Jean Cocteau, García Lorca, Maritain (sic!) ou André Bretón.

Para a pregunta de se tiñan razón os redactores do Manifesto, temos as palabras dun Josep Pla: «Mentres o líamos, pareceunos que estabamos en Italia, naqueles meses ruidosos de antes da marcha sobre Roma, naqueles meses nos que de cada poboación italiana saía un manifesto literario, cada tres meses, feitos por mozos de boa casa, por aqueles mozos que facían expedicións punitivas e tiñan o seu cadro de caza no cal anotaban os socialistas ou anarquistas que alegremente tiñan asasinado.»

Balance

Imos ver. Para min, a disidencia catalá ten que ver, sobre todo, coas achegas do exilio literario catalá, coas obras de Pere Quart, Carles Riba, Avel·lí Artís-Gener, Pere Calders, coas mulleres escritoras –Víctor Català (pseudónimo de Caterina Albert), Mercè Rodoreda, Maria Àngels Anglada, Maria-Mercè Marçal, Maria-Antònia Oliver, Carme Riera ou Marta Pessarrodona–, con personaxes illados coma Joan Brossa ou Josep Palau i Fabre, con Vicent Andrés Estellés, con Carles Hac Mor, con algunhas fáscas de Pau Riba e con Lluís Llach.

Pregunta final: é posíbel a disidencia subvencionada polo poder?

Traducido do catalán por Lluïsa Soaz

Fito Rodríguez

Palabras e escritos de Irazu de Asteasu

Non ten sido habitual entre nós atopar nunha pequena aldea dous mozos que estudaran filosofía. Estes dous que achamos en Asteasu, non obstante, teñen a lingua como oficio. Un deles, coñecido co pseudónimo de Bernardo Atxaga, afamouse como escritor fóra de Asteasu. Esoutro, o *bertsolari* Irazu, é coñecido entre nolos vascos polo seu apelido. No ambiente cultural de hoxe, onde a causa da modernidade a escrita sobresa e á palabra, a práctica do *bertsolari* considérase continuadora da tradición, unha expresión repetitiva vencellada ao contexto, un pensamento concreto e tan homoxéneo como pechado; mentras que a actividade do escritor, pola contra, salienta polo seu carácter de vangarda, universalidade e anovación, ou pensamento abstracto, heteroxéneo ou mesmo aberto(1). De todos os xeitos, o escritor Irazu expresa o seu vencello a Asteasu, e ao mesmo

tempo, o *bertsolari* Irazu preocupase pola situación da universidade. Ante contradicións como estas, e outras que mencionarei máis adiante, temos que preguntarnos o seguinte: débese estudar de maneira tan esquemática a herdanza cultural e a disidencia? Velaquí a sentenza latina:

«*scripta manent, verba volant*»

- O significado muda segundo o contexto.
- Aínda que hoxe se use para subliñar o valor da escrita.
- Daquela empregouse en pro da oralidade.

De todas maneiras, aínda que dende o punto de vista actual a mensaxe deste proverbio úsase para desprezar o valor da oralidade, cando se creou entre os latinos, divulgouse para louvar a produción oral ante a escrita, logo que daquela como hoxe as palabras tiñan a capacidade de se espallar polo mundo sen control ningún(2).

O *bertsolari* Irazu está preocupado pola situación da universidade. É *bertsolari* e ilustrado na mesma medida. Aínda que a súa práctica é completamente tradicional, áchanse nela ora a herdanza ora a disidencia. As súas palabras espállanse aos catro ventos.

A escritura, como sinónimo da ilustración, nunha tendencia contraria á tradición:

- Téndese a entender a escritura como un instrumento de renovación cultural: útil para a disidencia e o progreso.
- A oralidade, pola contra, tense como o refuxio da tradición herdada.

Este típico esquema empregado nas Ciencias Humanas, con todo, púxose en dúbida tanto por M. Bajtín como polos seus seguidores, ao estudaren a disidencia nas expresións populares do entroido da Idade Media(3). M. Foucault, J. Derrida e G. Deleuze tamén desmentiron ese falso esquematismo, aínda que fora por outros camiños(4).

Aitzol, Kixkitza e a corrente cultural do nacionalismo histórico, movéronse á beira de M. Lekuona cobrendo «as expresións disidentes» dos *bertsolaris* e levando o bersolarismo cara unha nova «tradición».

A principios do século XX reivíndicase «o valor da literatura oral» nas letras vascas(5):

- E xunto a iso, o exemplo máis claro é que comezaron a se remozar as expresións dos *bertsolaris* ou do bersolarismo.
- Amolecendo a disidencia de seu...
- «Enorgullecendo» a lingua, os xestos, as formas, os escenarios, etc.

Por dar un exemplo, non convidaron ao *bertsolari* republicano José Mari Lopetegi aos primeiros «Bertsolari Eguna» (1935 e 1936) organizados pola Asociación «Euskaltzaleak», aínda que fora socio(6).

Os concursos creados con motivo disto e os *bersolaris* dos festivales son «cultos» en lugar de «salvaxes».

- Non se moven como descoidados [cada vez son máis hieráticos].
- Actúan en teatros e escenarios dignos [en vez de estar a medio escondidas].
- Non se compite de un a un senón que xulga un xuíz de fóra
- «Coidan» a lingua.

O nomeado Joxe Mari Lopetegi, por exemplo, foi golpeado cando estaba a cantar, e os *bertsoz* que pasaron ao rexistro da escrita foron censurados, aínda que a censura daquela, dende logo, aplicouse tanto aos *bertsolaris* como aos escritores(7).

En opinión do escritor os *bertsolaris* son «ortodoxos» de máis. Dican que crean a súa produción pola repetición da repetición. Mesmo a Ilustración histórica soe usar este lema para ler a tradición.

O bersolarismo recibido e censurado.

Será censurado perdendo a disidencia.

- Non ás obscenidades.
- «Control» en temas políticos.
- Algúns bertsolaris «desaparecerán».

De todas maneiras, entre os que hoxe teñen como oficio a palabra, ora bertsolari ora escritor, non se pode facer unha grande diferenza(8), xa que como afirmou P. Zumthor,9 hai tempo que estamos a vivir na época da «oralidade de intercesión». Nesta non hai que pousar a contradición entre palabra=tradición e escritura=anovación, senón na repetición e diferenza que se pode atopar nas expresións.

Non hai dúbida de que hoxe tamén continúa a haber censura.

A Euskal Telebista anulou a emisión dun programa, ao se escribir na parede en contra da Ertzaintza, nunha posíbel situación de elaboración dun *performance*, e a decisión desta institución evidenciou a posición pechada desta ante a disidencia.

Os *bertsolaris* de hoxe teñen que actuar usando as expresións da tecnoloxía.

- Na época da oralidade de intercesión os escritores deben de utilizar as novas posibilidades dos medios dos modos de representación

- Ao actualizar a tradición preténdese crear disidencia coa repetición

Sendo artista ou bertsolari, soamente por comezar a escribir non se converte alguén en escritor, pero isto, escritor=? bertsolari, é soamente unha suposta contradición. A pregunta ha de ser outra: para ser creativo como se ten que entender a relación entre a tradición e a disidencia?

Como mostran as palabras e os escritos dos Irazus hai dous Irazus baixo o mesmo nome. A mesma denominación garda varios significados nela. Irazu/Atxaga aprendeu moitos *bertsos* antes de comezar a escribir, e o *bertsolari* Irazu, entre outras cousas, tense que dedicar ao xornalismo para gañar a vida. Sen dúbida, ambos os dous son creadores.

Supostamente a permanencia da escrita non vale máis que as palabras do orador. De feito, a suposta estabilidade entre ambos os dous medios de expresións é unha invención.

Como Pierre Klossowski demostrou, tanto as palabras como os escritos son transformábeis.

Xa que non hai repetición sen anovación.

Se non houbera disidencia dentro da tradición, crear representacións sería imposíbel.

En fin, sen a actividade de representación, sentir, pensar e expresar sería unha mera quimera(10).

Traducido do vasco por Iratxe Retolaza Gutiérrez

-
1. Ellakuriaga, I.: «Bertsolaritza, pentsamendu heterogeneoaren hedabide» [bertsolarismo, medio de divulgación do pensamento heteroxéneo], in *Bertsolari*, outubro de 1995. ps. 54-55.
 2. Rodríguez, F.: «El rumor y el efecto Pigmalión» in *Crítica del lenguaje ordinario*. Libertarias, 1993, ps. 475-486.
 3. BB.AA.: En torno a la cultura popular de la risa, Anthropos, 2000.
 4. Foucault, M.: *Les mots et les choses*. Gallimard, 1990.; Derrida, J.: *L'Écriture et la Différence*. Seuil, 1979; Deleuze, G.: *Différence et Répétition*, Puf, 1997.
 5. Enríquez, J.C.: «Bertsolari alderraiaren asmakuntza» [A invención do *bertsolari* errante] in *Inprobisazioa munduan. Kulturarteko Topaketak 2003* [A improvisación no mundo. Encuentros Interculturais 2003] *Bertsolari*, 2004, ps. 252-263.
 6. Elozegi, J.: *Joxe Mari Lopetegi. Errepublikanoen bertsolaria*. [Joxe Mari Lopetegi. O *bertsolari* dos republicanos]. Gaztelupeko Hotsak, 2004.
 7. *Ibidem*, ps. 106-108; Torrealdai, J.M.: *La censura de Franco y los escritores vascos*

del 98. Tarttalo, 1998.

8. BB.AA.: *Hizkuntzalari eta Idazle* [Lingüista e escritor]. *Bertsolari* 51. Outono 2003. Os bertsolaris de hoxe non só son escritores senón tamén son artistas (M. Lujanbio, U. Iturriaga), guionistas (A. Egaña, M. Lujanbio), cantantes (I. Maia, I. Elortza), etc.

9. Zumthor, P.: *Ahotsaren iraunkortasuna* [A permanencia da voz] in *Unesco* Albistarian 9, p. 5.

10 Rodríguez, F.: «Zer da performance-a?» [Que é o performance?], in *Inprobisazioa munduan. Kulturarteko Topaketak 2003* [A improvisación no mundo. Encuentros interculturais 2003]. *Bertsolari*, ps. 317-322